



PROGRAMACIÓN

EDLG

CURSO 2014-2015

Ies **Virxe do Mar**

Noia



1. PROXECTO LINGÜÍSTICO
2. O EDLG DO IES *VIRXE DO MAR*.
3. O MARCO LEGAL
4. ESTUDO DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO
5. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS.
6. OBXECTIVOS XERAIS
7. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: MEDIDAS E ACTIVIDADES.
8. OBXECTIVOS PUNTUAIS: MEDIDAS E ACTIVIDADES
9. ESQUEMA DE ACTIVIDADES: TEMPORALIZACIÓN.



1. PROXECTO LINGÜÍSTICO. Sumario.

| | |
|---|--------------|
| 1.- Introducción..... | 5 |
| 2.- Lexislación..... | 6 |
| 3.- Contexto sociolingüístico do IES Virxe do Mar..... | 6-11 |
| 4.- Obxectivos..... | 12-13 |
| 5.- Presenza do galego nas distintas materias e niveis | 14-23 |
| 6.- Medidas de apoio e reforzo | 23-26 |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | |
|------------------------------------|-------|
| 7.- Seccións bilingües..... | 26-28 |
| 8.- CUALE..... | 28-30 |
| 9.- Escola Oficial de Idiomas..... | 30 |



1.- Introducción.-

Tal e como se indica no manual *A planificación lingüística nos centros educativos*, “resulta evidente a necesidade de contarmos cunha planificación lingüística se se queren acadar os obxectivos sinalados no ordenamento legal”. Nese manual resáltase igualmente que “malia a existencia de elementos comúns, aplicábeis en todo o sistema educativo, a planificación lingüística de cada centro debe recoller as especificidades que o singularizan”.

A maneira máis acaída de plasmar esas especificidades consiste na elaboración dun Plan Sociolingüístico, onde se poidan enmarcar sucesivos Plans Lingüísticos. Este primeiro Plan Lingüístico do IES Virxe do Mar pretende enlazar cos anteriores proxectos do ENDL, tomando agora como punto fundamental de partida os esperanzadores resultados que nos proporcionaron as enquisas realizadas ao longo do curso pasado, completados no comezo deste curso coa información que subministraron os diferentes departamentos sobre o uso do galego nas materias obxecto da súa competencia.

Trátase dun Plan de carácter anual que formará parte do Proxecto Educativo do Centro, unha vez analizado e aprobado en tres instancias: a CCP, o Claustro e, finalmente, no Consello Escolar.

2.- Lexislación.-

- ❖ Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. Artigo 5. BOE núm. 101, do 28 de abril de 1981.
- ❖ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG do 14 de xullo).
- ❖ Decreto 324/96, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria..
- ❖ Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 e se establece a súa organización e funcionamento.
- ❖ Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- ❖ Decreto 124/2007, do 28 de xuño de 2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- ❖ Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de xuño).

3.- Contexto sociolingüístico do IES Virxe do Mar.-

Dado que o Decreto 124/2007 fai referencia explícita ao contorno do centro, o primeiro paso que demos na elaboración do PSC foi o da realización de senllas enquisas entre alumnado e profesorado, seguindo o modelo proposto polo manual. O obxectivo das mesmas era o de calibrar a definición lingüística do contorno do IES Virxe do Mar, entendendo por contorno tanto o contexto físico e social coma os axentes esenciais do proceso educativo. As enquisas realizáronse ao longo do mes de decembro de 2007 e os resultados tabuláronse na primeira semana de xaneiro de 2008. Todos e cada un dos índices obxecto de valoración ofrecen a mesma lectura: o noso centro sitúase nun contexto



predominantemente galegófono. Pero, para ilustrar convenientemente esta rotunda afirmación, extraemos da PSC os índices correspondentes a cada un dos apartados das enquisas e a interpretación final que das mesmas fixemos.

ÍNDICE1: CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

$$I1= p3 (0,2) + p4 (0,4) + p5 (0,3) + p6 (0,1)$$

$$I1= 4 (0,2) + 4 (0,4) + 4 (0,3) + 4 (0,1) = 4$$



ÍNDICE2: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR A DOCENCIA EN GALEGO

$$I2= p7 (0,4) + p8 (0,1) + p9 (0,1) + p10 (0,2) + p11 (0,2)$$

$$I2= 4(0,4) + 4(0,1) + 3(0,1) + 5(0,2) + 5(0,2) = 4,3$$

ÍNDICE2bis: DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR A DOCENCIA EN GALEGO

$$I2= p7 (0,4) + p8 (0,2) + p10 (0,2) + p11 (0,2)$$

$$I2bis= 4(0,4) + 4(0,2) + 5(0,2) + 5(0,2) = 4,4$$



ÍNDICE3: PRESENZA DO GALEGO NA VIDA DO ALUMNADO

$$I3= p_{12} (0,3) + p_{13} (0,1) + p_{14} (0,1) + p_{15} (0,2) + p_{16} (0,15) + p_{17} (0,15)$$

$$I3= 4(0,3) + 4(0,1) + 4(0,1) + 3(0,2) + 4(0,15) + 4(0,15) = 3,8$$



ÍNDICE4: PRESENZA AMBIENTAL DO GALEGO NO CENTRO

$$I3 = p18 (0,15) + p19 (0,15) + p20 (0,1) + p21 (0,1) + p22 (0,1) + p23 (0,1) + p24 (0,1) + p25 (0,1) + p26 (0,1)$$

$$I3 = 5(0,15) + 4(0,15) + 4(0,1) + 4(0,1) + 4(0,1) + 4(0,1) + 4(0,1) + 4(0,1) + 5(0,1) = 4,25$$

INDICADOR GLOBAL: O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO



$$IG= I1(0,1) + I2(0,4) + I3(0,3) + I4(0,2)$$

$$IG= 4(0,1) + 4,3(0,4) + 3,8(0,3) + 4,25(0,2)= 4,11$$

- Contorno castelanófono
- Contorno con predominio do castelán
- Contorno con similar presenza das dúas linguas
- **Contorno con predominio do galego**
- Contorno galegófono



4.- Obxectivos:

4.1. – Obxectivos xerais:

- 1.- Estender e optimizar o uso do galego no IES Virxe do Mar.
- 2.- Acadar as cotas máis elevadas de prestixio para a lingua galega en toda a comunidade educativa.
- 3.- Implicar a todos os axentes escolares neste proceso.

4.2. – Obxectivos específicos:

- 1.- Manter a competencia do alumnado, ao longo de todo o periplo académico, no uso do galego (L1 nun contexto con claro predominio galegófono).
- 2.- Consolidar a competencia do alumnado na L2 (castelán), lingua moi presente tamén no seu contexto e asociada a funcións prestixiadas socialmente.
- 3.- Afianzar as competencias do alumnado en cantas linguas estranxeiras curse ao longo do seu historial académico, primordialmente inglés e francés.

4.3. – Obxectivos puntuais:

- 1.- Estender un uso xeneralizado do galego tanto a nivel oral como escrito, reforzando a súa dimensión comunicativa en relación con contextos vivos.
- 2.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que, tendo o galego como lingua vehicular da maioría das materias. lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- 3.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.
- 4.- Promover a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso currículo a través de intercambios, seccións bilingües e viaxes didácticas.
- 5.- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas da Península.
- 6.- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.
- 7.- Fomentar, empregando como punto de partida a biblioteca “María Mariño”, o hábito lector en galego e, ao mesmo tempo, o gusto pola música e cinematografía de expresión galega.
- 8.- Impulsar a normalización lingüística e cultural do contorno, nun labor dinamizador que preste singular atención ao sector comercial.
- 9.- Establecer canles fluídas de comunicación co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Noia, co obxectivo de realizar campañas que integren a todos os ENDL da localidade.

5.- Presenza do galego nas distintas materias e niveis durante o curso 2008-2009

Cómpre lembrar que o Decreto 124/2007, do 28 de xuño introduce importantes novidades que afectan ao sistema de secundaria, sendo estas as máis relevantes das que atinxen ao noso centro:

- ❖ Na educación secundaria obrigatoria, o galego debe ser a lingua dun mínimo do 50% da docencia, e incorpóranse, con respecto ao decreto anterior, as áreas de matemáticas e de educación para a cidadanía. Ademais, será o Claustro quen debe completar o número de materias para impartir en galego, ata acadar ese mínimo sinalado.
- ❖ No bacharelato, segundo se establece na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de xuño), serán impartidas en lingua galega as materias seguintes: a) Das materias comúns: ciencias para o mundo contemporáneo e filosofía e cidadanía en primeiro curso. historia de España e historia da filosofía en segundo curso. b) Das materias de modalidade: Na modalidade de ciencias e tecnoloxía, matemáticas I en primeiro curso e matemáticas II en segundo curso. Na modalidade de humanidades e ciencias sociais, historia do mundo contemporáneo en primeiro curso e xeografía en segundo curso. Ademais das materias establecidas na epígrafe anterior, os centros educativos decidirán aquelas outras materias que serán impartidas en lingua galega para garantir que o alumnado reciba, polo menos, o 50% da docencia nesta lingua.
- ❖ Nos ciclos formativos, o galego debe ser a lingua dun mínimo do 50% da docencia e será obrigatorio o seu uso nos módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral, deixando a decisión de que outros se impartan en galego en mans da dirección dos centros.

Pois ben, tendo en conta os datos aportados por escrito polos diferentes departamentos didácticos, esta é a relación de materias por nivel e curso que durante o presente ano académico se imparten en galego

| GRUPO | MATERIA | Materiais | HORAS | Porcentaxe |
|----------|--|-----------|-------|------------|
| 1º ESO A | Lingua galega e literatura | Galego | 4 | 71,9 % |
| | Ciencias naturais | Galego | 4 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Educación plástica e visual | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 2 | |
| | Proxecto interdisciplinar | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | | |
| 1º ESO B | Lingua galega e literatura | Galego | 4 | 65,6 % |
| | Ciencias naturais | Galego | 4 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Educación plástica e visual | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 2 | |
| | Total | | | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|----------|--|--------|---|--------|
| | | | | |
| 2º ESO A | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 75% |
| | Ciencias naturais | Galego | 3 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Música | Galego | 2 | |
| | Educación para a cidadanía | Galego | 2 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | | |
| 2º ESO B | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 71,9 % |
| | Ciencias naturais | Galego | 3 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Música | Galego | 2 | |
| | Educación para a cidadanía | Galego | 2 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Total | | | |
| | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 2 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|----------|--|--------|-----------|-------|
| 3º ESO A | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | 71,9% |
| | Física e química | Galego | 2 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Fotografía / Obradoiro emprendor. | Galego | 2 | |
| | Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| Total | | | 23 | |
| 3º ESO B | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 71,9% |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 2 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Física e química | Galego | 2 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Fotografía / Obradoiro emprendor. | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| Total | | | 23 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| GRUPO | MATERIA | Materiais | HORAS | Porcentaxe |
|------------|--|-----------|-------|------------|
| 3º ESO C | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 71,9% |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 2 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Física e química | Galego | 2 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Fotografía / Obradoiro emprendor. | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | | |
| 3º ESO PDC | Ámbito social-lingüístico | Galego | 5 | 71,9% |
| | Ámbito científico | Galego | 9 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Fotografía / Obradoiro emprendor. | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | | |
| | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 3 | |
| | Matemáticas | Galego | 3 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Física e química | Galego | 3 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|----------|--|--------|-----------|-------|
| 4º ESO A | Educación física | Galego | 2 | 71,9% |
| | Informática | Galego | 3 | |
| | Ética | Galego | 1 | |
| | Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | 23 | |
| 4º ESO B | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 71,9% |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 3 | |
| | Matemáticas | Galego | 3 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Física e química | Galego | 3 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | EPV / Informática | Galego | 3 | |
| | Ética | Galego | 1 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | 23 | |
| 4º ESO C | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | 50% |
| | Matemáticas | Galego | 3 | |
| | Ciencias sociais, xeografía e historia | Galego | 3 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Informática | Galego | 3 | |
| | Ética | Galego | 1 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | 16 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|------------|---------------------------|--------|---|--------|
| 4º ESO PDC | Ámbito social-lingüístico | Galego | 5 | 68,75% |
| | Ámbito científico | Galego | 8 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Tecnoloxía | Galego | 3 | |
| | Informática | Galego | 3 | |
| | Titoría | | 1 | |
| | Total | | | |

PORCENTAXE TOTAL ESO: 69,54 %

| GRUPO | MATERIA | Materiais | HORAS | Porcentaxe |
|-------|-------------------------------|-----------|-------|----------------------|
| | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un 68,75% e |
| | Bioloxía e xeoloxía | Galego | 4 | |
| | Matemáticas | Galego | 4 | |
| | Ciencias mundo contemporáneo | Galego | 2 | |
| | Física e química | Galego | 4 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Filosofía e cidadanía | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|-----------|------------------------------------|--------|----------------|-----------------------------------|
| 1º Bach.A | Antropoloxía / TIN 1 - TIC | | 4 / 0 | un 81,25% |
| | Total | | 22 / 26 | |
| 1º Bach.B | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un 56,25% e un 81,25% |
| | Matemáticas / Latín | Galego | 4 / 0 | |
| | Ciencias mundo contemporáneo | Galego | 2 | |
| | Historia / Física e química | Galego | 4 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Filosofía e cidadanía | Galego | 2 | |
| | Relixión / Atención educativa | Galego | 1 | |
| | Debuxo técnico / Grego | Galego | 4 | |
| | Biol. - Antropoloxía / TIN 1 - TIC | | 4 / 0 | |
| Total | | | 18 / 26 | |
| 1º Bach.C | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un 65,6% e un 78,1% |
| | Economía | Galego | 4 | |
| | Matemáticas aplicadas | Galego | 4 | |
| | Ciencias mundo contemporáneo | Galego | 2 | |
| | Historia | Galego | 4 | |
| | Educación física | Galego | 2 | |
| | Filosofía e cidadanía | Galego | 2 | |
| | Antropoloxía / TIC | | 4 / 0 | |
| Total | | | 21 / 25 | |
| | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un |
| | Bioloxía | Galego | 4 | |
| | Ciencias da terra | Galego | 4 | |
| | Historia | Galego | 4 | |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|-----------|--------------------------------------|----------------|----------------|-----------------------------------|
| 2º Bach.A | Filosofía | Galego | 3 | 56,25% e un 68,75% |
| | Métodos – CCPs / Lit. hisp. | | 4 / 0 | |
| | Total | | 18 / 22 | |
| 2º Bach.B | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un 68,76% e un 81,25% |
| | Xeografía | Galego | 4 | |
| | Matemáticas aplicadas | Galego | 4 | |
| | Historia | Galego | 4 | |
| | Economía | Galego | 4 | |
| | Filosofía | Galego | 3 | |
| | Métodos – CCPs / Lit. hisp. - Música | | 4 / 0 | |
| Total | | 22 / 26 | | |
| 2º Bach.C | Lingua galega e literatura | Galego | 3 | Entre un 53,1% e un 68,76% |
| | Hª arte / Física | Galego | 4 / 0 | |
| | Latín / Matemáticas | Galego | 0 / 4 | |
| | Historia | Galego | 4 | |
| | Grego – Debuxo / Química- Hª música | Galego | 4 / 0 | |
| | Filosofía | Galego | 3 | |
| | Métodos – CCPs / Lit. hisp. - Música | | 4 / 0 | |
| | | | 17 / 22 | |

PORCENTAXE TOTAL BACHARELATO: ENTRE 61,45% E 76,56%

Estas porcentaxes, situadas moi comodamente por riba do 50% en todos os sectores, son tanto máis contundentes cando se contempla que na porcentaxe restante habería que incluír sistematicamente as materias de Lingua e literatura castelá, inglés e, en moitos casos, a segunda lingua estranxeira. É dicir, se descartamos estas materias, nas que tanto a lei como a lóxica aconsellan que se empregue como lingua vehicular a propia obxecto de estudo, estaríamos en bastantes cursos próximos á plena galeguización, como por outra parte é recomendábel nun contexto con claro predominio do galego.

6.- Medidas de apoio e reforzo para adquirir o dominio do galego:

1.- Alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega.

1.1.- Alumnado sen exención en lingua galega, (1º, 2º ou 3º de ESO).

Aínda que neste curso non parece que contemos con alumnado nestas circunstancias, de detectarse algún caso na avaliación inicial, recibirían cantos apoios educativos fosen necesarios durante o 1º ciclo da ESO até que se constate unha satisfactoria adquisición da correspondente competencia lingüística.

No caso de alumnado de 3º de ESO, o Departamento de Lingua Galega, coa colaboración do ENDL e do Departamento de Orientación adoptaría medidas de reforzo ou apoio para que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados. Estas medidas concretaríanse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.
- Lectura de textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.

No caso das materias que este alumnado recibe en lingua galega, os respectivos departamentos didácticos, coa colaboración do ENDL e mais o Departamento de Orientación, adoptarían medidas encamiñadas a que puidesen aproveitar as ensinanzas que se imparten. Concretaríanse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación. En ningún caso esta bibliografía suplirá os manuais ou libros de texto referenciados na programación para o curso.



- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

1.2.- Alumnado con exención en lingua galega.

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007 “o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 4º de ESO ou Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos”.

En cumprimento do establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007, este alumnado “deberá asistir obrigatoriamente ás clases de lingua galega como medio de integración lingüística” e demostrar un aproveitamento das ensinanzas que recibe cun esforzo especial pola súa parte.

O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención. Tanto a revogación como a denegación da

exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso en que se atopa. No libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.



2.- Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.

No caso da ESO, establecerase na avaliación inicial o grao de descoñecemento para aplicar, se for necesaria, unha ACI. Se non fose necesaria esta medida estudaríase a conveniencia doutras como agrupamento específico, programa de diversificación curricular ou calquera das indicadas no apartado anterior.

De tratarse de alumnado do primeiro ciclo da ESO, e de gozar de exención da 2ª materia de lingua estranxeira, poderanse empregar as sesións semanais desta materia para a realización de actividades de integración lingüística nas dúas linguas oficiais. Tamén se determinará a pertenza deste alumnado ao ámbito territorial-lingüístico anglófono, francófono, ou lusófono para estudar unha posible aproximación ás dúas linguas oficiais do sistema educativo galego desde os Departamentos de Inglés, Francés ou Galego, coa colaboración do ENDL e do Departamento de Orientación.

7.- Seccións bilingües

Tal e como se establece na Orde do 18 de abril de 2007 (DOG 7 de maio) que crea e regula as seccións bilingües, “unha sección bilingüe é a organización da ensinanza dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa cun grupo de alumnos dun xeito bilingüe: en galego ou castelán, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente en materia de normalización lingüística, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea,



que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas. A súa finalidade é reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área, materia ou módulo en que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica. A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe farase progresivamente, incrementando a súa presenza ao longo do seu desenvolvemento”

Este curso académico o noso Instituto conta coas seguintes seccións bilingües:

2º ESO → Educación para a cidadanía (Bilingüe Inglés-Galego)

3º ESO → Matemáticas (Bilingüe Francés-Galego)

3º ESO → Educación Plástica e Visual (Bilingüe Inglés-Galego)

4º ESO → Ética (Bilingüe Inglés-Galego)

1º Bacharelato → Filosofía e Cidadanía (Bilingüe Inglés-Galego)

A profesora CLIL das seccións con Matemáticas en Francés é M^a Xesús Sobrado López, actuando como coordinadora Ana E. Arca Camba, mentres que a profesora CLIL adscrita ás seccións tanto de Educación para a Cidadanía como de Filosofía e Cidadanía, é Gloria Rivas Rodríguez, encargándose destas coordinacións Mercedes Mariño Paz.

Hai que resaltar que, nun principio, se pretendeu continuar coa sección de Matemáticas en Francés de 2º de ESO, pero non houbo matrícula suficiente. Algo similar aconteceu coa pretensión de implantar unha nova sección en 3º ESO de Educación Plástica e Visual bilingüe en inglés e galego. De todos os xeitos volverase tentar en ambos os casos para o curso que vén.

8.- CUALE

O programa CUALE, ao que o noso centro se acolleu por primeira vez no curso 2007-2008 na modalidade CUALE-ESO, ten como obxectivo unha mellora substancial da competencia lingüística do alumnado da ESO. Trátase, logo, de cursos dirixidos ao alumnado de 3º e 4º da ESO co fin de preparalo para as probas de certificación dos niveis correspondentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

No presente curso 2014-2015 solicitouse a coninuidade ao abeiro da *RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2014 pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE.*

No curso 2014-2015 hai cursos de CUALE 1 e CUALE 2 tanto en Inglés como en Francés. Ao remate de cada un dos dous cursos, o profesorado responsable debe realizarlle probas ao alumnado matriculado.



AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN: (Artigo 3)

- 1. O profesorado responsable desta formación realizará probas ao remate do curso correspondente a cada modalidade.*
- 2. A superación das devanditas probas suporá a expedición por parte do centro de dous tipos de certificación:
 - a) Certificado do nivel básico A1 de competencia no CUALE A1.*
 - b) Certificado de aproveitamento do curso preparatorio para as probas de certificación das EEOOI, no resto das modalidades.**
- 3. Para a avaliación positiva do curso será preciso ter unha cualificación igual ou maior de 5, sobre 10, nas probas de aproveitamento.*
- 4. No caso de non ter avaliación positiva no curso, o alumnado poderá inscribirse na mesma modalidade por segunda e última vez.*

Porén, para a obtención do certificado do nivel A2 será necesaria a superación de probas terminais específicas de certificación que serán elaboradas, organizadas e avaliadas pola Escola Oficial de Idiomas.

O programa desenvólvese fóra do horario lectivo, nas tardes de martes e xoves, ao longo do curso escolar e ten, como é lóxico, carácter voluntario para os destinatarios. O profesorado encargado do programa CUALE durante o presente curso académico é o seguinte:

B-1 Inglés → dous grupos con 11 e 15 alumnos/as respectivamente. Imparte a profesora Mercedes Mariño Paz

A-1 Francés → un grupo de 16 alumnos/as impartido pola profesora Ana Arca Camba

B-2 Francés → un grupo de 8 alumnos/as impartido pola profesora Ana Arca Camba

9.- Escola Oficial de Idiomas

Tamén desde o curso pasado contamos cunha Sección da EOI de Santiago de idioma Inglés, que no curso actual se viu ampliada ao contarmos tamén con sección de Francés. Dispoñemos de cursos nos seguintes niveis:

Inglés → A1, A2, B1, B2, C1 e C2

Francés → A1, B1



2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O E.D.L.G do I.E.S. *Virxe do Mar* de Noia está integrado por:

- Xoan Luis Ferreira Acuña, profesor do Departamento de Ciencias Sociais.
- Concepción Sabucedo Álvarez, profesora do Departamento de Ciencias Sociais.
- Xavier Castro Rodríguez (Director do centro)
- María Golán García, coordinadora e profesora do Departamento de Lingua e Literatura Españolas.
- Mario Arufe Santamaría, membro do persoal non docente do Instituto.
- Alumnado dos diferentes niveis do centro educativo:
 - Guillermo Blanco Filgueira (2ºA).
 - Laura Maquieira González (2ºA).
 - Diego Pereira Rodríguez (2ºA).
 - Iván Cao Cao (2ºB)
 - Helena Fernández Carou (2ºB).
 - Raquel de la Casa Franco (1ºA Bach.)
 - Antía Moledo Vázquez (1ºA Bach.)

Ademais, mantense unha estreita relación co resto dos departamentos, Equipo de Biblioteca e co profesorado implicado no Proxecto Lector de Centro, iniciativas ao abeiro das que debe estar, de xeito recíproco, o EDLG.

3. MARCO LEGAL

A **Lei de Normalización Lingüística de 1983** establece que o ensino obrigatorio debe garantir a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais de Galicia. O **Plan Xeral de Normalización, aprobado en 2004** no parlamento galego por todas as forzas políticas, di que o alumnado recibirá, como mínimo, o 50% da súa docencia en galego. É de referencia obrigada o **Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario** onde se establece que para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

Ademais, segundo o disposto no **Regulamento orgánico do IES Virxe do Mar** e no **Proxecto Educativo do centro (PEC)** que establece as competencias do EDLG, o seu obxectivo fundamental é o de acadar a plena normalización do uso da lingua galega por parte da comunidade escolar nos seus distintos estamentos, velando polo estrito cumprimento da Lei de Normalización Lingüística e ao abeiro do devandito Decreto 79/2010

Como recolle o Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado polo Parlamento de Galicia o 22 de novembro de 2004, trátase de manter como obxectivos dese Plan:

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.

- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

A presenza dos EDLG nos Institutos pódese comprender mellor á luz da situación legal e sociolingüística do ensino en xeral que se caracteriza polos seguintes trazos:

- Existe unha lexislación específica que regula a presenza do galego no ensino non universitario.
- As resistencias ante a presenza do galego no ensino diminuíron e, en moitos casos, desapareceron.
- Existencia dun mandato legal na LNL de que o alumnado acade unha competencia semellante (comprender / falar / ler / escribir) nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou a súa lingua familiar.
- Recoñecemento legal e social da capacidade da Administración educativa para o desenvolvemento normativo dos contidos da LNL.
- Recoñecemento no decreto de 1995 de que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.
- A lexislación sobre o uso das linguas oficiais no ensino contempla obxectivos comúns para toda Galicia, pero recoñece a existencia de diversas realidades que obrigan a planificar camiños diferentes.

Os **centros escolares** teñen a obriga de contar cunha planificación lingüística que oriente a súa práctica (adaptación das disposicións legais á súa realidade, existencia de equipos de normalización lingüística en cada centro, etc.); de fomentar unha actitude positiva cara á lingua galega tanto entre estudantes que teñen o galego como lingua familiar como entre algúns que, malia viviren nun ámbito castelán, desexan saber e utilizar a lingua galega. A presenza do galego no sistema educativo conseguiu aumentar as

competencias dos estudantes en lingua galega, sobre todo a nivel escrito. A presenza da lingua e cultura galega nos centros de ensino pode estar a servir para que moitos alumnos con escaso contacto familiar e social co galego o coñezan.

4. ESTUDO DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO.

Como recolle o **Proxecto lingüístico do centro**, a situación que presenta o centro na actualidade con respecto a esta situación, así como ao cumprimento das obrigas por parte dos diferentes Departamentos Didácticos, a Administración, a Dirección, Profesorado e labor do Persoal non Docente, segue a ser moi positivo e esperanzador. É así que a totalidade das actividades complementarias e extraescolares que realiza o alumnado así como a totalidade das comunicacións orais e escritas –oficiais e non oficiais- que parten da administración e do centro en xeral, realízanse en galego dende hai moitos anos. Ademais, o uso da lingua galega no nivel oral e no uso de material didáctico á hora de realizar o seu traballo o profesorado é sempre mellorable, de xeito que o EDLG tenderá a prestar a súa colaboración co colectivo docente para acadar un fin óptimo, pois, aínda que non exclusivamente, un dos factores fundamentais no desenvolvemento lingüístico debemos procuralo na normalización escolar, en todos e cada un dos seus ámbitos e áreas de influencia.

Aínda que diminuíron, os prexuízos e actitudes negativas nalgúns sectores de **pais / nais** e de **profesorado** seguen a ser un gran de obstáculo para avanzar na normalización lingüística no ensino. Entre o alumnado, os prexuízos máis evidentes xa non se dan, pero si outros que dificultan o emprego habitual do galego no contexto escolar.

Na actualidade, o sistema educativo non consegue dotar o alumnado dunha boa competencia oral en galego. Existe un evidente conflito entre o estándar e as variedades locais, con consecuencias nos contornos galegófonos, especialmente nos niveis iniciais da escolarización.

O IES Virxe do Mar, tal e como verifica o último Proxecto Lingüístico é un centro cun **contorno con predominio do galego**.

5. LINGUAS EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS: SECCIÓNS BILINGÜES
Reparto de materias por linguas PROPOSTA para ESO (Documento adxunto)

SECCIÓNS BILINGÜES 2014-2015

| | | |
|---|-------|-------------|
| 2º ESO. Educación para a Cidadanía (ingl.) | A. 16 | B. 15 |
| 3º ESO. Plástica (ingl.) | A. 22 | B. 18 |
| Matemáticas (franc.) | A. 16 | |
| 4º ESO. Educación Ético-Cívica (ingl.) | A. 11 | B. 16 |
| 1º BACH. Filosofía (ingl.) | A. 16 | B. 11 C. 16 |



6. OBXECTIVOS XERAIS DO EDLG

- a) Estender e optimizar o uso do galego no IES Virxe do Mar. Intensificar a competencia oral en galego no ensino formal e nos contextos educativos máis informais.
- b) Acadar as cotas máis elevadas de prestixio para a lingua galega en toda a comunidade educativa. Vencer prexuízos e estereotipos negativos con respecto ao uso do galego.
- c) Implicar a todos os axentes escolares neste proceso, nomeadamente, ás familias do noso alumnado.

7. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a. Manter a competencia do alumnado, ao longo de todo o periplo académico, no uso do galego (L1 nun contexto con claro predominio galegófono).
- b. Consolidar a competencia do alumnado na L2 (castelán), lingua moi presente tamén no seu contexto e asociada a funcións prestixiadas socialmente.
- c. Afianzar as competencias do alumnado en cantas linguas estranxeiras curse ao longo do seu historial académico, primordialmente inglés e francés.

8. OBXECTIVOS PUNTUAIS: MEDIDAS E ACTIVIDADES

1.- Estender un uso xeneralizado do galego tanto a nivel oral como escrito, reforzando a súa dimensión comunicativa en relación con contextos vivos.

MEDIDA

- Crear espazos de uso para incrementar a competencia oral do alumnado, potenciando o uso do galego na educación informal do alumnado, así como nas actividades extraescolares e complementarias, e promovendo os “contratos” sobre o uso da lingua

ACTIVIDADES:

- ✓ Roteiros “Nós/Outros coma nós”. Intercambio de alumnado e profesorado con outros centros de Galicia que posibilita apreciar as variedades dialectais das distintas zonas, con actividades que inclúen roteiros urbanos e rurais guiados por alumnado do centro de acollida. Este curso o intercambio farase co IES de Sanxenxo.
- ✓ Obradoiros cociña, costura, e outros labores domésticos, con paneis explicativos e léxico en galego, a desenvolver durante a Semana Cultural onde participen non só profesorado, senón nais e pais e que promovan a igualdade entre os sexos e axuden a romper estereotipos tradicionais de xénero.
- ✓ Celebración de Magosto con xogos tradicionais, en colaboración co Departamento de E. Física.
- ✓ Celebración do Entroido con Concurso de disfraces e comparsas e degustación de sobremesas tradicionais da época.

2.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que, tendo o galego como lingua vehicular, lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

MEDIDA:

-Vencellar a lingua galega a un imaxinario de modernidade e de prestixio social.

ACTIVIDADES:

- ✓ Organización de charlas con personaxes públicos de relevancia que empreguen o galego para promover o uso social da lingua: escritores, deportistas, músicos e cineastas...
- ✓ Edición da Revista de Creación Literaria e Cultura *Casa da Gramática*.

Este será o número 40 na edición desta publicación que goza dunha importante proxección cultural e social dentro da comarca barbancesa e no eido das letras en Galicia. Con máis e trescentos colaboradores nestes anos de vida, varios miles de páxinas editadas e varios libros publicados como complemento. No mes de maio saíra a luz o especial deste curso 2014-2015 dedicado ao 75 Aniversario do exilio español en México; *Casa da Gramática* publicará os estudos de distintos especialistas sobre o aporte dos galegos exiliados neste país, xunto cos traballos literarios e de investigación do alumnado do centro.

- ✓ Organización do VIII Certame de Relato de Aventuras “Antón Avilés de Taramancos”.

En colaboración coa revista *Casa da Gramática* que o organiza, co Concello de Noia que o convoca e a colaboración da Consellaría de Educación. Carteis, dípticos, anuncios, promoción e a procura do xurado son algúns dos labores que desenvolverá o ENDL como nos anos anteriores. O Certame en galego, ao que concorren orixinais de dentro e fóra de Galiza, ten unha ampla difusión e nel participan moitos orixinais anualmente. O Premio está dotado con 3000 euros, unha escultura única, feita para a ocasión, do artista noiés Alfonso Costa e a publicación da obra por parte da Editorial Toxosoutos.

- ✓ Publicación do Anuario *Domar* que inclúe os ensaios e traballos de investigación do alumnado, coordinados por profesorado especialista, no ámbito das ciencias sociais, naturais e a tecnoloxía e relatará as experiencias nos distintos proxectos a desenvolver neste curso 2014-2015.

3.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.

MEDIDA:

- Habilitar un espazos para o intercambio lingüístico entre alumnos e alumnas galegofalantes e o alumnado que non o é.



ACTIVIDADE:

- ✓ Asignar sesións na aula de informática ou na biblioteca, no período de recreo para fornecer ao alumnado estranxeiro de ferramentas útiles para a aprendizaxe da lingua galega e facer un seguimento da súa adquisición.
- ✓ Fomentar a participación no Club de lectura, nos distintos obradoiros...

4.- Promover a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso currículo a través de intercambios, seccións bilingües e viaxes didácticas.

MEDIDAS:

- Apoiar as iniciativas que os departamentos didácticos de linguas estranxeiras veñen organizando nos últimos anos: viaxe a Londres, campamento bilingüe en inglés para 1º ciclo, viaxe a París...

ACTIVIDADES:

- ✓ Expoñer as receitas, como textos instrutivos co léxico axeitado, dos pratos de entroido que o alumnado de bacharelato vende para axudar a sufragar gastos da viaxe a Londres.
- ✓ Elaborar material multimedia en galego relatando a experiencia do campamento de inmersión en inglés que se desenvolve en Blanes, para entregar ás familias.

5.- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas da Península.

MEDIDA: Diseñar actividades que impulsen a participación activa do alumnado onde compartan as particularidades culturais e lingüísticas que os caracterizan.

ACTIVIDADE:

- ✓ Celebrar o Día da Poesía cun recital onde se escoiten as voces de poetas significativos nas linguas do alumnado que provén doutras comunidades e países.

6.- Vencellar a lingua galega a un imaxinario de modernidade e de prestixio social.

MEDIDAS

1. Utilizar as novas tecnoloxías da comunicación e a información como metodoloxía de traballo dentro e fóra das aulas.
2. Usar e/ou crear materiais novos e atractivos que estimulen o traballo de profesorado e alumnado.
3. Impulsar a creación literaria en lingua galega.

ACTIVIDADES:

- ✓ Elaboración de espazos colaborativos (blogs, redes sociais...) onde se vaian introducindo as actividades realizadas durante o curso escolar e onde o alumnado expoña diferente información relacionada coa situación lingüística actual.
- ✓ Divulgación dos materiais e convocatorias enviados pola Dirección Xeral de Política Lingüística así como da Mesa pola Normalización Lingüística (comunicacións escritas, correo electrónico...) asociación de defensa do idioma da que o noso centro é socio colaborador.
- ✓ Mantemento do taboleiro que ten expresamente asignado o EDLG para a exposición de material diverso, convocatorias e novas que garden relación coa normalización e a dinamización lingüísticas.
- ✓ Coro de panxoliñas e adaptación de cancións clásicas norteamericanas. En colaboración co Departamento de inglés.

7.- Fomentar, empregando como punto de partida a biblioteca “María Mariño”, o hábito lector en galego e, ao mesmo tempo, o gusto pola música e cinematografía de expresión galega.



MEDIDA: Ofrecer canles e espazos para a/s lectura/s de diversas expresións culturais en galego.

ACTIVIDADES:

- ✓ Concurso de puntos de lectura en colaboración co Departamento de Plástica co lema “Estou lendo”, editaranse os gañadores e entregaranse na biblioteca en cada servizo de préstamo.
- ✓ Club de lectura *Tol@s pola lectura* dirixido ao alumnado de 1º ciclo que se formou o curso pasado e integrado por quince rapazas e rapaces que se reúnen un luns ao mes para charlar e realizar actividades diversas sobre as lecturas programadas.
- ✓ Celebración de *Abri(l)de libros* e *Maio de letras*: conferencia de autor invitado e recitais poéticos do alumnado.
- ✓ Organización dun obradoiro para elaborar Libros de autor que fomenta e combine a relación da literatura coas artes plásticas.
- ✓ Contacontos de medo para a noite de Samaín, sesión nocturna na biblioteca María Mariño cunha selección de textos de autores galegos ou traducidos e coa participación do alumnado que integra o Club de lectura “Toleando polos libros”.
- ✓ Maratón de cine galego durante a semana cultural.

8.- Impulsar a normalización lingüística e cultural do contorno, nun labor dinamizador que preste singular atención ao sector comercial.

Medida: Crear novos espazos de colaboración e manter os existentes entre o centro e o contorno: concello, sectores de hostalería, comercio e clubs deportivos, ademais dos centros educativos da localidade. En concreto, mantemos unha colaboración aberta e constante co Concello de Noia, especialmente coas Concellarías de Cultura e Deporte, Educación e Normalización Lingüística. Igualmente mantemos estreita relación cos movementos asociativos e de participación relacionados coas actividades de ocio, lecer e consumo da

mocidade.

ACTIVIDADES:

- ✓ Organización dunha exposición fotográfica elaborada polo alumnado do Ciclo de Fotografía en colaboración co Concello que cederá a sala Casa da Cultura.
- ✓ Certame de carteis de Nadal que potencie o consumo en mercado de proximidade, en colaboración co Concello e a Asociación de Comerciantes de Noia.

9.- Establecer canles fluídas de comunicación co EDLG do outro Instituto da localidade, o IES Campo de San Alberto e co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Noia, co obxectivo de realizar campañas que integren a todos os ENDL da localidade.

MEDIDA:

-Concretar a colaboración entre os EDLG dos centros de ensino da vila.

ACTIVIDADE:

- ✓ Convocatoria e organización do Concurso Literario “Alberte Romasanta”, do Día das Letras Galegas 2015 nas modalidades de poesía e narrativa do IES Virxe do Mar xunto co IES Campo de San Alberto de Noia. Coincidindo co mes de maio, desenvólvese esta actividade cultural, esencialmente literaria, cunha festa das letras galegas, que este ano organiza o noso instituto (música, recital...), na que participa o alumnado (mesmo grupos completos) dos diferentes niveis de ambos centros de ensino. Enxalzamento das Letras Galegas por medio da creación e colaboración entre os dous centros públicos de bacharelato da vila.

Carteis, dípticos, premios, organización do acto... Se as condicións meteorolóxicas son boas e propicias tentarase levar á rúa esta celebración para darlle así unha mellor e maior proxección social a este evento que permite un vencello, necesario e lóxico, entre os dous centros públicos da vila.

10. Reelaborar o Proxecto Lingüístico do centro co fin de actualizar a información e determinar a planificación lingüística dos vindeiros catro anos.

MEDIDA:

- Recoller os datos precisos para actualizar o Proxecto e establecer a nova situación sociolingüística do noso centro.

ACTIVIDADE:

- ✓ Pasar enquisas ao alumnado e ao profesorado no segundo e terceiro trimestre do curso.
- ✓ Establecer novas medidas académicas para mellorar a competencia lingüística e medidas de dinamización en función dos resultados obtidos.
- ✓ Aprobar o novo Proxecto Lingüístico na CCP, o Claustro e o Consello Escolar.



9. CRONOGRAMA E TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

| TRIM. | TEMPORALIZACIÓN | ACTIVIDADE | Responsable(s) e Departamento(s) | Destinatario/as |
|-------|-----------------|---|--|--|
| 1º | Outubro | - Roteiro "Nós/Outros coma nós" a Portonovo. - Club de lectura - Contos de medo | - EDLG e Departamento de CC Sociais. - Biblioteca. - Biblioteca | - 2º BACH - 1º e 2º ESO - 1º e 2º ESO |
| 1º | Novembro | - Magosto e xogos tradicionais. - Encontros coas nosas autoras: María Reimóndez. | EDLG e Departamento de E. Física | - Todo o alumnado - Club: Tol@s pola lectura |
| 1º | Decembro | - Edición Casa da Gramática . - Certame carteis Nadal - Coro de panxoliñas e clásicos. | - Coordinación "Casa da Gramática". - EDLG, Concello Noia e Asociación de comerciantes. - Departamento de Inglés e Matemáticas | - Totalidade da comunidade educativa - Totalidade da comunidade educativa - 1º e 2º ESO. |
| 2º | Xaneiro | - Edición do anuario DeMar . - Concurso puntos de lectura "Estou lendo". - Encontros coas nosas autoras: Sabela González.. | - Coordinación "Casa da Gramática" e resto de departamentos. - Departamento Plástica. | - Totalidade da comunidade educativa - Club: Tol@s pola lectura |
| 2º | Febreiro | - Entroido. - Karaoke en galego | EDLG | - Totalidade da comunidade educativa |

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES VIRXE DO MAR



CURSO 2014-2015

| | | | | |
|----|---------------------|--|--|--|
| 2º | Marzo | -Concurso Literario “Alberte Romasanta”. -Conferencia “A muller e a ciencia”. -Exposición fotográfica. | EDLG -Departamento de CCNN. -Ciclo de Fotografía, Concello de Noia. | -Totalidade do alumnado. -1º e 2º BACH. -Comunidade educativa. |
| 3º | Abril | -“Abri(l)de libros. -Maratón de cine. -Obradoiro de cociña. -Obradoiro Libro Autor. -Roteiro por Noia e arredores. | EDLG | -Totalidade do alumnado -EDLG |
| 3º | Maio | - <i>Maio de letras</i> : acto de entrega de premio <i>Alberte Romasanta</i> . Celebración Letras Galegas. -Agasallo -VIII Certame de Relato de Aventuras “Antón Avilés de Taramancos” | EDLG | -Totalidade do alumnado |
| | Todo o curso | -Actualización tanto do taboleiro pertencente ao EDLG como do Blog e a páxina do EDLG Mar de Mar . -Reelaboración do Proxecto Lingüístico. | -EDLG e xefas dos Departamentos de Lingua Galega, Lingua Española, Inglés e Francés. | - Comunidade educativa. |